

Estimadas familias:

O vindeiro **MÉRCORES 30 DE OUTUBRO**, se o tempo o permite, celebraremos o tradicional **MAGOSTO** no centro, con proba de castañas e xogos tradicionais. Para iso o centro mercará algunhas castañas, pero gustaríanos contar tamén coa vosa colaboración de maneira que entre o **luns e o martes** as nenas/os poidan traer ao centro unhas poucas **castañas xa picadas**.

Aproveitando esta xornada tamén celebraremos o "**SAMAÍN**" e participaremos na "**IX EDICIÓN DA VOLTA AO COLE**".

O alumnado de **INFANTIL E PRIMARIA** que o alumnado que o desexe **pode vir disfrazado** para a celebración do Samaín. Pregamos que **non** traian **complementos** que poidan ser **perigosos/bélicos** á hora do recreo (espadas, lanzas, pistolas...) nin susceptibles de extraviarse. Calquera complemento deberá traer o nome. Ademais calquera tipo de traxe deberá **facilitar a autonomía** das nenas e nenos (sobre todo á hora de ir ao baño), polo que mellor é non mandar monos enteiros, luvas...

En canto a "Volta ao cole" consistirá en:

1. Realización da **marcha a pé "A volta ao cole"**, á que está convidada a participar toda a comunidade escolar. O percorrido sairá ás 12:40 do colexio, irá por diante do concello de Vedra, cruce de A Boca e regreso polo Burgo en dirección ao Pavillón municipal e de novo ao colexio.
2. **Recadación de donativos a favor da Asociación "Uno entre cien mil"**, para o que se remite unha nota anexa cun sobre para recortar e entregar no centro. Poderase entregar ás titoras/es ou na caixa depositada en conserxería para tal fin. Data límite para a recollida de doazóns, xoves 7 de novembro.

Deste xeito, a xornada escolar do mércores 30 será do seguinte xeito:

- Ao redor das **11:30 h.** comezará o **Magosto de Infantil e Primaria**.
- Ás **12:40 h.** **todo o centro** sairá a realizar "**A volta ao cole**".
- Ao regreso, o alumnado de **ESO** comezará o **Magosto** e as nenas/os de **Infantil e Primaria** desfrutarán de **xogos populares**.
- Ás **13:30 h.** farase **entrega dos premios do "Concurso de Microrrelatos"** e haberá unha pequena intervención da "**Agrupación musical e Coro**".
- Posteriormente o alumnado de **Infantil e Primaria** irán ao comedor e o alumnado de **ESO** poderán rematar a xornada cos **xogos populares**.

Un saúdo do Equipo Docente.